

CONSELLO ASESOR:

ANTON COSTA - MODESTO

HERMIDA - MANUEL JANEIRO

ANTON LAMAPEREIRA -

RAFAEL OJEA - MIGUEL

VAZQUEZ FREIRE



SEMANARIO DE

EDUCACIÓN

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

AÑO II-N.º 85

Informe

IV XORNADAS DE PEDAGOXIA DA IMAXE. GIJON

A febre do vídeo

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

Como era de esperar, as IV Xornadas de Pedagogía da Imaxe, celebradas a comezos deste mes de xullo en Gijón, dentro do marco de Certamen Internacional de Cine para a Infancia e a Xuventude, estiveron marcadas pola incorporación do vídeo ás escolas. Quizáis o máis significativo, ao longo dos catro días de presentación de experiencias, ponencias e debates, nos que participaron uns cincuenta educadores chegados de diversas partes do Estado español (e aínda de fora de España: contouse tamén coa intervención dun italiano, unha portuguesa, dous uruguayos e o estadounidense Gorge C. Stoney, invitado como ponente), foi que, fronte ao espírito reivindicativo que adoitaba caracterizar estas Xornadas en anos anteriores, predominou máis a discusión pedagóxica e metodolóxica. ¿Querrá isto dicir que os educadores adicados á imaxe comezan a ver aceptadas as súas propostas...?

DE CATALUÑA AO PROXECTO "MERCURIO"

Non hai dúbida, dende logo, que certos pasos se están a dar por parte tanto da administración central como das autonómicas. A luz dos informes presentados nas Xornadas, cabería xuzgar que é Cataluña quen leva máis camiño adiantado. Segundo a comunicación presentada polo Departamento de Ensino da Generalitat, a administración autonómica soubo apoiarse nas iniciativas xa previamente existentes na utilización renovadora da imaxe por parte en particular dos movementos de renovación pedagóxica. Algúns destes grupos —como o Casal del Mestre e o Grupo Drac Magic— presentaron tamén as súas experiencias en Gijón. O máis significativo foi a combinación de medidas de dotación de material cun sistema xeralizado e continuo de formación e reciclaxe do profesorado. 100 centros experimentais foron dotados de equipos de vídeo, mentras que tódolos Centros de Recursos Pedagóxicos están dotados tanto de equipos e material de paso, como de equipos produtores, tanto para fotografía, como para cine (super 8) ou vídeo. Deste xeito, practicamente calquer centro en Cataluña conta coa posibilidade de incorporar eses medios á súa práctica educativa.

Malafadamente Galicia non tivo representación oficial nestas Xornadas, e en canto á iniciativas particulares a asistencia baixou moito respecto do pasado ano. En calquer caso, na experiencia galega que, como se sabe, leva desenrolando asimesmo un programa experimental de difusión do uso do vídeo, bótase a faltar tanto o apoio en canto a programas de formación e reciclaxe do profesorado, como previsión de horarios para a incorporación sistemática da imaxe dentro da xornada lectiva.



Desarrollo de la sesión de apertura de las Jornadas sobre Pedagogía de la Imagen.

Luis Martínez Ros, director do Servizo de Publicacións do Ministerio de Educación e membro da Comisión de Audiovisuais, recién creada por este ministerio, ofreceu unha detallada exposición do programa "Mercurio" que, tras do programa "Atenea" de introducción da informática nos centros escolares, propónse a dotación a unha serie de centros de equipos de vídeo, de características moi semellantes aos concedidos en Galicia pola Xunta.

VOLTAR AO AUDIOVISUAL

O vídeo, pois, pareceu erixirse na estrela. Non obstante, a propia facilidade do vídeo, a tenor dalgunhas das experiencias presentadas nas Xornadas, pode converterse no seu peor enemigo. Outros comunicantes fixeron unha explícita reivindicación do super 8, un medio que, se é máis costoso en canto ao material de paso, é infinitamente máis barato dende o punto de vista do coste dos aparatos. Mentras que todo o mundo semella deixarse levar pola febre do vídeo, en moitos centros hai cámaras de super 8 infrautilizadas. Por outra banda, o cine, como logo apuntaría o profesor neiorquino George G. Stoney, esixe unha maior reflexión no seu traballo, por non falar da mellor calidade, hoxe por hoxe, da definición de imaxe.

Jesús Alcalde de Isla, profesor da Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense de Madrid, foi aínda máis lonxe, reivindicando a recuperación do audiovisual. Frente á tendencia a "facer imaxes polo mero feito de facelas", no que tería unha importante incidencia a invasión do vídeo, de-

fende o que lla chama o "terceiro medio" —o diaporama ou audiovisual— como o máis idóneo para a ensinanza da Imaxe, porque obriga a un tratamento moi autónomo e preciso tanto dos parámetros da imaxe fixa como das características da linguaxe sonora; chégase así a **síntese audiovisual**, non dunha forma mecánica e irreflexiva (como no caso do vídeo, e aínda do cine, no que imaxe en movemento e sonidos son recollidos directamente da realidade), senón dun xeito buscado e consciente. A intervención de Jesús Alcalde —que ilustrou a súa comunicación coa proxección de audiovisuais realizados por seus alumnos de Teoría e Técnica da Imaxe, audiovisuais dunha sorprendente beleza e perfección técnica— foi, na miña opinión, un dos momentos máis interesantes destas Xornadas.

STONEY E A "LANTERNA MÁGICA"

Outra das aportacións máis valiosas foi a presenza de George C. Stoney, profesor de Cine e Televisión na Escola de Artes de Nova Iorque, e de Marco Massa membro da cooperativa "La Lanterna Mágica" da cidade de Torino. Tamén ambos dous coincidiron en matizalo entusiasmo indiscriminado polo vídeo. A ponencia de Stoney suliñou a importancia de contextualizar toda imaxe e de non desdenar cousas tan obvias como o feito de que "o cine e o vídeo, por si soios, son representacións limitadas da verdade", de feito que sempre os seus primeiros pasos cos seus alumnos serán lembrarles que "unha película é un medio bidimensional que ten que representar un mundo tridimen-

sional" e "soio pode excitar dous sentidos: a vista e o oído". O uso de medios que evidencian máis o seu carácter "mediático" como a fotografía e aínda o cine, favorecen esta consciencia da manipulación que hai en todo proceso reproductor, mentras que a inmediatez do vídeo tende a oscurecela.

Da experiencia da "Lanterna Mágica" poderase ter unha información detallada na entrevista que se reproduce nestas mesmas páxinas. En contraste con estas intervencións, a ponencia de Mariano Cebrián, catedrático de Teoría da Imaxe na mesma Facultade de Ciencias da Información, foi máis un canto apoloxético das novas innovacións tecnolóxicas. Frente a este discurso tecnolóxico, o valenciano Angel San Martín presentou unha investigación realizada sobre unha mostra de 150 profesores da rexión valenciana da que deducía que o problema da incorporación dos novos medios ao ensino non é soio un problema de dotacións institucionais, senón de capacitación do profesorado sobre as posibilidades destes novos medios. Con efecto, do seu estudio infírese que a xeralidade do profesorado apenas incorpora os novos medios audiovisuais (o traballo centrábase sobre o vídeo) aos seus esquemas de pensamento, de feito que as súas "estratexias de acción" xamais se contempla o recurso á tecnoloxía audiovisual.

A cuestión, a partires de agora, pois, non debe ser xa a incorporación dos novos medios, senón a reflexión sobre as súas posibilidades para chegar a un uso máis consciente e, xa que logo, máis positivo dos mesmos.

Falando

Marco Massa, da Cooperativa "La lanterna mágica"

M.V.F.

Pregunta. —La "Lanterna mágica", ¿é unha cooperativa privada ou dependente de fondos públicos?

Resposta. —A cooperativa "Lanterna mágica" naceu despois do laboratorio "Lanterna mágica". En 1979 tivo lugar en Torino un simposium internacional sobre cine e nenos. Neste simposium naceu a idea, por parte da municipalidade de Torino, de crear un laboratorio de experimentación sobre a imaxe e o cine feito por nenos. Formouse un equipo de persoas, de diversa experiencia, que se integraron nese laboratorio e comenzaron a traballar. Tres anos e medio despois, estas persoas, que tiñan un tipo de contrato eventual co concello, crearon unha cooperativa que comenzou a traballar con outras entidades públicas ou privadas, sindicatos, etc. Neste momento continuamos a leva-la xestión do laboratorio "Lanterna mágica" do concello, que é a parte fundamental do noso traballo. Non obstante, temos outra serie de traballos externos: traballamos coa rexión de Piemonte, coa rexión de Toscana, con outros concellos, con sindicatos, con centros de formación profesional, sempre para realizar films de animación o vídeo tape de carácter didáctico, ou informativo, ou campañas informativas de carácter público.

P. —A vosa actividade desenvólvese, entón, ao marxe das estruturas escolares...

R. —Exacto. Nos propoñemos ao ensinante, á escola unhas actividades, a realización dun film ou outro tipo de actividades, e se o ensinante acepta, participa nesta iniciativa.

P. —Pero a proposta de actividades parten sempre de vos...

R. —Sí... aínda que non necesariamente. As veces parten tamén dalgún ensinante que anteriormente ten feito algunha experiencia connosco, e que quere continuala ou quere afondala.

P. —¿Hasta qué punto a estrutura implícita no voso traballo vos parece un sistema positivo de incorpora-la imaxe ao traballo escolar, ou pensais máis ben que é algo provisorio en tanto non se conquiere incorpora-la ao curriculum oficial?

R. —Eu coído que o traballo coa imaxe é somentes un primeiro paso. Na escola trabállase principalmente coa palabra falada e coa palabra escrita. Non

Duas experiencias internacionais foron presentadas no marco das IV Xornadas sobre Pedagogía da Imaxe. A da cooperativa italiana "La lanterna mágica" presenta unhas características atractivas, polo que supón dunha experiencia de ámbito municipal, que podería moi ben servir como modelo perfectamente aplicable na nosa realidade. Delo falamos con Marco Massa, membro desta Cooperativa que a representaba en Gijón.

se toca a imaxe, nin como materia de ensino, nin como medio de ensino, non obstante que a cidade actual (e sempre máis no futuro) é unha cidade principalmente baseada na imaxe. Eu coído que a educación pola imaxe, a pedagogía da imaxe, é soio un primeiro paso para recupera-lo terreno perdido cando a imaxe xa é dominio do neno e do adulto, mentras que a escola continuaba, e continúa aínda agora, utilizando soio os outros medios.

P. —Entón, ¿tampouco en Italia, hoxe por hoxe, existe unha formalización da ensinanza da imaxe integrada no sistema educativo público?

R. —Precisamente ese é o noso traballo. O límite de certos discursos que veñen facendo algúns ensinantes, e sobor de todo as institucións, é que a imaxe debe ser relegada ao tempo extraescolar, como unha materia de tipo do estudio da flauta ou semellantes. A imaxe é unha cousa "de máis", non unha cousa parte do ensino.


P. —Ao mesmo tempo que se ten dado un movemento de petición da incorporación da imaxe á escola, tamén se teñen dado certos movementos de opinión que falan dos riscos desta incorporación, pola pasivización do alumno, pola ameaza de substitución do rol do mestre por emisións pregrabadas, etc. ¿Existe tamén este tipo de opinión entre os ensinantes italianos?

R. —En xeral, segundo a miña opinión, hai tres grupos de ensinantes neste aspecto. Hai o ensinante tecnolóxico ao máximo, para o cal calquer tipo de innovación está ben e debe ser incorporada á escola, pero na miña opinión con moi pouca capacidade crítica e con moi pouca capacidade de fantasía no traballo e no coñecemento do medio. Por

outra banda, hai tamén moito medo aos novos medios polas cousas que tes dito ti. Pero hai unha terceira parte que procura atopar unha estrada intermedia en todo isto, e esta parte, na miña opinión, é a parte máis pequena. Aínda que eu teño moitas dúbidas sobre o seguimento das novas tecnoloxías dun modo total. Por exemplo, eu teño iniciado unha experiencia coa linguaxe LOGO en informática, para traballar cos nenos, e teño dúbidas persoais sobre a conveniencia deste tipo de traballo na idade elemental que non me parece unha idade adaptada para este tipo de traballo tan particular. É moito máis importante primeiro a expresión corporal, a linguaxe da imaxe, o teatro, que non estas cousas. Eu coído que os nenos teñen necesidade da expresión total e non da expresión informática.

P. —Unha pregunta relacionada coas experiencias desenroladas en Torino e noutras cidades italianas, e que téñense presentado como modelos de política educativa municipal. ¿Estas experiencias supoñen realmente unha modificación importante das relacións cidade-escola e teñen, de feito, unha incidencia importante nas concepcións educativas en xeral?

R. —Eu creo, despois de ter vivido estas experiencias que se teñen dado nos últimos dez anos, que estas modificacións teñen sido moi importantes. Eu comencei a traballar na animación en xeral practicamente dende os primeiros tempos da iniciativa cidade-rapaces, e eu teño visto unha evolución, xa non dos ensinantes, senón sobor de todo dos rapaces, moito maior da que se tiña previsto. Fai dez anos o rapaz estaba comprimido no ámbito da escola, non vivía nunha realidade que o estimulara, senón que o comprimía. Agora é posible que os



Imaxe da película de animación "Energía 6..." realizada por nenos baixo a dirección de "La lanterna mágica"

rapaces discutan, que falen e examinen os seus problemas. A dificultade que tiñamos fai dez anos para traballar sobre certas temáticas era increíblemente moito máis ampla da que temos agora.

P. —¿En que medida isto estaba moi vencellado a certa maioría electoral que ven de cambear nas últimas eleccións, ou é xa un proceso irreversible?

R. —Eu espero que sexa un proceso irreversible, soio que neste momento vivimos nunha situación de "limbo" de inconsciencia, porque non sabemos o que se pode esperar co cambio. A nova administración parece ter xa anunciado un corte neto sobre certas expectativas culturais e sociais. Un exemplo pode ser-lo teatro de rapaces, que foi unha das experiencias máis interesantes, desenroladas a partires de grupos de pequenos actores, e que probablemente se non desaparecerá, terá unha diminución moi grande. O discurso de quen se pensa que vai se-lo novo asesor é un discurso economicista ("soldi-dare-habere" é a figura moi ilustrativa que utiliza Marco: podería traducirse por "cartos-debe-haber"). O asesor anterior, do PCI, era un ensinante, moi aberto a estas iniciativas. O novo ten dito: "eu non son un ensinante, eu son un administrador político, e se faltan cartos non se fan cousas, ou se corta ou se elimina". Un discurso drástico.

La mujer vista por los niños

Concurso de FARO DE VIGO para escolares de 10 a 14 años

1.º—Podrán participar en este concurso todos los escolares de edades comprendidas entre los diez y catorce años. Podrán hacerlo a título individual o mediante el canal del colegio en que realizan sus estudios.

2.º—Los trabajos se presentarán en letra clara y legible, con una extensión mínima de un folio y máxima de tres, por una sola cara.

3.º—El tema será necesariamente referido a "LA MUJER" y podrá tratarse de una redacción escolar, una narración corta, o un comentario. Deberán de estar redactados en gallego o castellano.

4.º—Los trabajos se remitirán firmados por los alumnos, con el nombre, dirección, curso y colegio claramente especificados.

5.º—Se establecen los siguientes premios:

1.º—Un viaje a Disneyworld de cinco

Desde su sección semanal MULLERES y en colaboración con el suplemento de educación A PIZARRA, FARO DE VIGO convoca el PRIMER CONCURSO DE REDACCION Y NARRACIONES CORTAS SOBRE LA MUJER, que se registrará por las siguientes

BASES

días de duración, para el alumno ganador y un acompañante (Los gastos de este viaje comprenden desde la salida del ganador de su hogar hasta el regreso al mismo, corriendo a cargo de la organización del concurso los gastos de traslado, hospedaje y manutención del premiado y su acompañante). Este premio es gentileza de una institución oficial.

2.º—Un ordenador personal.

3.º—Una bicicleta.

4.º—Cinco lotes de libros para los trabajos clasificados en cuarto, quinto, sexto, séptimo y octavo lugar.

5.º—Doce bolsas de deportes, gentileza de FARO DE VIGO, para los tra-

bajos clasificados entre el noveno y veintavo lugar.

6.º—Se establece un premio consistente en una BIBLIOTECA BASICA que será entregada al colegio en que curse sus estudios el alumno ganador. FARO DE VIGO otorgará a los ganadores y sus colegios placas conmemorativas del concurso y de la clasificación en el mismo.

7.º—Los tres primeros trabajos ganadores serán publicados en la página semanal MULLERES de FARO DE VIGO y los diecisiete restantes, en función de la disponibilidad de espacio, serán igualmente publicados en MU-

LLERES o en A PIZARRA.

8.º—El plazo de admisión de originales finaliza el 21 de diciembre de 1985. El fallo del jurado será dado a conocer en la página MULLERES de 6 de febrero de 1986 y en A PIZARRA de 9 de febrero de 1986.

9.º—Los trabajos habrán de remitirse a FARO DE VIGO, concurso LA MUJER, apartado de correos 91. VIGO.

10.º—La entrega de premios se realizará en VIGO en fecha y local que oportunamente se anunciará.

11.º—El jurado será nombrado por la dirección de FARO DE VIGO entre personalidades del mundo de la enseñanza y la cultura gallega y dado a conocer en el momento del fallo.

12.º—Las decisiones del jurado serán inapelables.

O pombal

Poemas

Chorei.
Chorei coa alma enchida de dor;
vaciei a auga dos meus ollos.
Calei,
e pensei logo na miña falta de valor
na miña crenza nos soños.
Sorrín
coa alegría do que se sabe gañador
nunha loita na que non hai...
risos nen alegría,
tenrura nen amor

María Luisa Santervás Vázquez
I.N.B. A Guía

Isto non é un poema
Crebarei tódolos versos
na auga clara
do meu estanque.
Afogarei as verbas
cos berros finos
do teu coitelo vermello.
Isto, non é un poema.
nas pálpebras dos teus ollos vougos
non hai poemas
nos leitos dos amantes
non hai poemas.
¡Quen puidera durmir nun verso morto!
Raquel Pazos-3.º A
Instituto «A Guía»-Vigo


O INVERNO

Eu non sei,
por que nace o inverno
por que as follas caen
e as leva o vento.

Eu non sei por que chove
por que a chuvia
entristece a alma
e a enche de silencio

Eu non sei por que morren as flores,
por que se apagan os soños
e se van os vellos...
Dime amigo: ¿non sintes medo?
—O inverno, non é unha
soio é un silencio,
unha estrela apagada
nun recanto do ceo
un sonido, perdido no aire
que ten voz de lamento,
dime amigo. ¿non sentes medo?

M.ª Estrela Varela Sueiro
3.º D



A Pizarra

Coleccionable
para os mois pequenos

N.º 28









Complemento de «A Pizarra» de FARO DE VIGO - ANO II Domingo 28 de julio de 1985


Los Córvidos III

Arquimiro










Evaristo
Pereira

E ESTUDIAR
NO VRAN NON
ME GOSTA
NADA





1961 BLASQUEZ.



EVARISTO PEREIRA '85

Los Córvidos (III)

ESTANISLAO FDEZ. DE LA CIGOÑA

La Chova Piquigualda (*Pyrrhocorax graculus*), recibe el nombre gallego de Choia Piquimarela. Se distingue básicamente de la Chova Piquirroja, por tener el pico amarillo y más corto. Es un ave típica de montaña que sólo desciende al valle en los inviernos más crudos. Busca insectos y sus larvas, caracoles, babosas, lombrices, e incluso bayas y frutos silvestres, en las praderas, campos de cultivo y bosquetes de las laderas y cumbres de las más altas montañas de la región. Son muy gregarias, formando bandos en toda época, incluso cuando nidifican. El reclamo es completamente diferente del de la Chova Piquirroja y consiste en un silbido penetrante tssiiú que sirve para diferenciarlas incluso cuando vuelan juntas.


Crian en agujeros y grietas de cortados y cañones, donde construyen un nido con palitos y raíces, tapizado internamente con hierba fina. Ponen, normalmente, 4 huevos, lisos y brillantes, de color blanco-azulado, manchados de marrón. Después de 17-21 días nacen los pollos que son alimentados por ambos adultos.

Situación

Rara. Poblaciones en descenso. Protegida por la ley.

El arrendajo (*Garrulus glandarius*)

Es conocido en Galicia por los nombres de Gaio y Pega Marza. Es sin duda el más vistoso de nuestros cuervos, pues presenta un bonito plumaje rosa-pardo, con alas azules, negras y blancas. Muy inquieto y curioso, se mueve constantemente por el bosque, tanto de coníferas como de frondosas. A menudo, se ve perseguido por pequeños pájaros que protestan por su presencia temerosos de que pueda saquearles los nidos. En el bosque se comporta ruidosamente, emitiendo cantidad de sonidos, imitando el canto de otras aves. Sus maullidos son prácticamente idénticos



Arrendajo (*Garrulus glandarius*)

ANTONIO FERNANDEZ CORDEIRO

a los del Aguila Ratonera (*Buteo buteo*). Tiene un reclamo bronco, penetrante scraacc que repite constantemente. Astuto y cauto, no se deja acercar nunca, sobre todo si portamos armas, ya que distingue perfectamente al cazador, emitiendo entonces su grito de alarma, que es contestado por el resto del bando mientras escapa entre el ramaje.

Arman gran bullicio cuando descubren una rapaz nocturna o un mamífero predador (zorro), volando por encima, gritando y persiguiéndolos, hasta conseguir que abandonen el bosque.

Cria en árboles, preferentemente caducifolios (castaño, roble), a veces también en coníferas. El nido se coloca normalmente en horquillas o contra el tronco. Está perfectamente construido con barro y palos, suavizado el interior con raíces finas, pelos, crines y fibras vegetales. Normalmente 5-7 huevos, brillantes, de color claro, finamente punteados, incubados por ambos sexos durante 16-17 días.

Se alimentan básicamente de granos, bellotas, huevos y polluelos de otras aves, insectos y sus larvas y

pueden cazar ocasionalmente ratones, lagartijas y lagartos.

Su afición por las bellotas, en la temporada en que éstas se encuentran en sazón, ayuda en gran manera a la expansión del roble en nuestra tierra, ya que hace gran acopio de las mismas, enterrándolas para después consumirlas en época de escasez. Aquéllas que no encuentra germinan aumentando de esta manera el área boscosa.

Situación

Relativamente abundante, sus poblaciones se mantienen estables. Se la considera especie cinegética.

Los córvidos y la legislación

Los córvidos se pueden cazar desde el 4.º domingo de octubre, fecha en que se inicia la caza en Galicia, hasta el tercer domingo de enero día en que se cierra, ambos inclusive, los jueves, domingos y festivos de carácter nacional. Se exceptúan la Chova Piquirroja y la Chova Piquigualda, que se encuentran protegidas en toda época por la ley por ser consideradas especies no cinegéticas.

Córvidos gallegos (resumen)

Nombre castellano	Cuervo	Corneja negra	Grajilla	Urraca	Arrendajo	Chova Piquirroja	Chova Piquigualda
Nombre gallego	Corvo Carnazal	Corvo Viaraz	Corvo Cerexeiro	Pega Rabilonga	Pega Marza	Choia Piquibermella	Choia Piquimarela
Longitud total	63 cm.	46 cm.	33 cm.	46 cm.	34 cm.	39 cm.	37 cm.
Densidad	muy poca	mucha	mucha (localmente)	mucha	regular	poquisima	poquisima
Población	en descenso aumentando		aumentando	aumentando	estable	en descenso en descenso	
Alimentación	omnívoro	omnívoro	omnívoro	omnívoro	omnívoro	omnívoro	omnívoro
Status	sedentario	sedentario	sedentario	sedentario	sedentario	sedentario	sedentario
Consideración	cinegética	cinegética	cinegética	cinegética	cinegética	protegida	protegida
Voz	grac-grac	graaaj	chog-chog	chac-chac	scraac	chiiáá	Tsiiuú
lugar de cría	cantiles	árboles	edificaciones cantiles ruinas	árboles	árboles	cantiles	cantiles
Dimorfismo sexual	no tienen	no tienen	no tienen	no tienen	no tienen	no tienen	no tienen
época de cría	primeros de marzo	primeros de mayo	primeros de mayo	mediados de abril	primeros de mayo	primeros de mayo	primeros de mayo
puesta	4-6 huevos	4-6 huevos	4-6 huevos	6-8 huevos	5-7 huevos	3-4 huevos	4 huevos
incubación	sólo hembra	sólo hembra	sólo hembra	sólo hembra	ambos padres	sólo hembra	sólo hembra
tiempo incubación	20-21 días	18-20 días	17-18 días	17-18 días	16-17 días	17-23 días	17-21 días
polladas anuales	1	1	1	1	1	1	1

Opinión

Cine de nenos e cine para nenos

MARCOS VALCARCEL


E coñecida a polémica existente sobre o cine infantil e xuvenil. Sempre existiu o cine de protagonista infantil-xuvenil e a industria cinematográfica, especialmente a hollywoodiense, debe ás películas "de nenos e mozos" algúns dos seus mellores éxitos de público e taquilla. Aínda máis: empezase a destacar que as películas xuveniles, máis que un xénero ou moda pasaxeira, son "a táboa de salvación de Hollywood, o seu gran negocio, a esencia do actual cine americano, por tanto" (S. Pozo, "Hollywood, con pantalón corto", *El País*, 7 xullo 1985).

Descende a idade media dos asistentes aos cines, especialmente en época veraniega, e as películas de chavales, que presentan conflitos e situacións dos seus gustos, salvan os mercados e as proxeccións comerciais dos executivos da industria. O setenta por cento das entradas véndese á xente nova, especialmente aos que non pasan dos quince anos. Esta infantilización do cine hollywoodiense explica tamén o lanzamento e a estabilidade do éxito de directores como Spielberg ou George Lucas.

Pero, en contraposición, repítese a diario a tese de que non existe o cine infantil/xuvenil. Que o que existe como tal son películas aburridas e moralistas que non gustan aos xóvenes, xóvenes que precisamente enchen as sás onde se proxectan as últimas producións "infantiles" de cuño hollywoodiense. Os rapaces prefiren moitas veces os seriales de TV ou as antigas películas para nenos, como os "westerns" ou a saga de Tarzán. Ven todo isto a conto da XXIII edición do Certamen Internacional de Cine Infantil e Xuvenil de Gijón, cita anual onde se reanuda cada temporada esta polémica.

A vista do ofrecido no Festival, eu son dos que penso que si existe un cine infantil-xuvenil de certa calidade e dignidade. O Festival ofreceu un panorama moi respetábel de películas para nenos e mozos, pero estas películas probablemente non teñan distribución comercial nin se pasarán pola T.V. O mercado americano sempre manda, e precisamente as producións americanas "pasan" dun Festival como o de Gijón: xa teñen asegurado o éxito dos seus produtos cunha boa campaña de publicidade na TVE. Entre as películas a concurso en Gijón (vintecatro longometraxes e coarenta cortos) dominaban as cinematografías do centro e norte de Europa e dos países socialistas do Este europeo. A cinematografía checoslovaca, por exemplo, adica unha cuarta parte da súa produción ao cine para nenos e mozos.

Pese á variedade das propostas dos diferentes países, penso que podemos falar dunha serie de liñas coincidentes en todas elas. Coincidencia, en primeiro lugar, nos contidos temáticos nos que se asentán. Un dos temas recorrentes foi o dos conflitos familiares, a problemática do divorcio, a inadaptación dos rapaces ao núcleo familiar, etc. Varias películas incidieron neste aspecto. **Voces en la oscuridad** (Gran Bretaña) foi a máis interesante delas, mostra un tratamento realista da cuestión do divorcio, cunha excelente interpretación dos protagonistas. Pero o que é máis importante: a narración faise dende a mirada da adolescente que sofre os conflitos entre os seus pais. Non dende a mirada dos pais, senón dende a dos fillos. Con autenticidad,



de, con egoísmo, sen maniqueísmos de ningún tipo. Esa é a razón do éxito desta película e o que permite a identificación do público xuvenil. A mesma temática estaba presente no corto **Pickin' up the pieces** (Holanda), anque este ofrecía menos interese cinematográfico.

A inadaptación familiar e social, e a problemática consecuenta da delincuencia xuvenil, foi outro dos puntos claves do Certamen. A mellor película, neste sentido, foi unha película xuvenil holandesa, **Ciske el rata**, unha historia moi ben contada, que ademais se sostén nunha moi coitada interpretación e ambientación. **Fugitivo adolescente**, de Taiwán, peca de certa moralina, pero non se lle pode negar unha acertada planificación narrativa. Interesa tamén, a nivel sociolóxico, como mostra da esaxerada occidentalización de certos países orientais. Neste apartado entraría tamén unha historia pesimista e desgarradora como **Mario**, (Canadá) sobre a vida dun grupo de nenos orfos bolivianos, filmado por Francisco Roca, un chileno de nacionalidade sueca. A escola e o mundo educativo estiveron presentes en moitas películas. Entre as máis interesantes, a checa **La explosión tendrá lugar a las cinco**, unha divertida historia sobre un neno apaixonado polos misterios da técnica e da ciencia. **Buenas intenciones** (URSS) non convence totalmente, quizais debido a certa intención propagandista e moralista. E un bon exemplo do que

eu chamaria cine para nenos, pero feito con perspectiva dos adultos. Neste caso a historia está vista dende os ollos dun adulto (unha maestra) e o enfoque que se lles dá ás situacións interesa máis aos adultos que aos propios nenos.

O amor adolescente, a competición entre os rapaces, o deporte... son outros tantos temas presentes. Ben contada, emotiva, a historia de **Noche de hockey** (Canadá), seguindo pautas moi tradicionais e americanas, pero eficaz no seu conxunto. Non faltou tampouco o documental sobre a educación afectiva e as relacións sexuais. **Feeling yes, feeling no** (Canadá), película interesante, pero non dende a perspectiva dos nenos e nun Festival cinematográfico. Outro tema que interesou a moitos dos produtos presentes no festival foi o da Natureza, o Amor á Natureza, e, máis concretamente, a defensa ecolóxica do medio ambiente. E un tema tópico no cine infantil-xuvenil, moi presente tamén en certas películas Disney e outras. A destacar o conto **A tale from the forest** (Suecia) e unha longometraje de animación danesa, **Samson e Sallu**, unha preciosa historia de dúas baleas ameazadas polos ataques dos humanos e a degradación do medio marítimo (verquidos nucleares, mareas negras...)

Tamén estivo presente a Aventura, a Fantasía, a Imaxinación. Por exemplo, **Con diablos no se puede andar**

con bromas, unha bonita fábula checoslovaca que combina a imaxinación fantástica e certa moralexa aceptábel. Diverxidas tamén as aventuras dun neno soñador na película danesa **El mundo de Buster**.

Non todo foi tan interesante. Do que eu poiden ver, o colmo do papanatismo occidentalista foi a representación húngara, **Esteban, el rey**, unha especie de superstar á socialista que non resistiu máis de quince minutos. Ou a confusa e extraña **Reis como en la vida**, película rumana que non define claramente os seus obxetivos. Ou **Tres hombres** (Finlandia), aburrida e falta de emoción, que trata un tema tan aventureiro como unha historia de buscadores de ouro.



En conxunto, quixera insistir na dignidade da maioría das películas proxectadas e na súa impecabilidade formal. Películas que non seguen mecánicamente o modelo estadounidense nin o ternurismo dulzón e embobador da fábrica Lucas (**La aventura de los Ewoks**). Propostas que amosaron, ás veces, un realismo duro e nada conformista, penetrado por unha violencia interna desgarradora e ausente de sentimentalismos.

O cine reflexa, directa ou indirectamente, a realidade. E a realidade dos nenos e mozos deste tempo tamén é dura e conflictiva. Por isto, o xurado consideraba lamentábel a escasez de comedias entre as películas presentadas. Tamén se podería falar de moralismo e incluso de didacticismo pretencioso en certas producións, pero partindo da base de que estes elementos —máis ou menos disfrazados— están igualmente presentes no cine de adultos.

Quixera facer unha última referencia sobre o cine de animación, do que houbo abundantes mostras a concurso e fora de concurso. Destacaron especialmente os cortos procedentes de países socialistas (Checoslovaquia, Rumania, Yugoslavia, Polonnia), pola súa orixinalidade de deseño e concepción, integrando en moitas ocasións as tradicións populares e a realidade contemporánea. Especialmente importante foi a antoloxía de animación yugoslava (**Zagreb-Films**), con películas moi interesantes para nenos e tamén para adultos. No panorama da Europa Occidental, destacar os nomes de **Halas-Batchelor** (Gran Bretaña), unha especie de versión de esquerdas da Escola Disney, con produtos moi ideoloxizados e radicalizados, sendo os autores ademais dunha versión da obra de Orwell, **Animal Farm**.

Maxistérico

PEPE CARREIRO



Cualidades de la información y virtudes del periodista

ISIDORO CARVAJAL

EN PRIMER LUGAR, LA VERDAD

Ya lo hemos dicho en anteriores escritos: se impone la veracidad e la información. Nada puede justificar la mentira por comisión, omisión o desproporción. El reciente reportaje televisivo contra Fraga, el jefe de la Oposición, con motivo de aquellas declaraciones de que "acabaría con el terrorismo en seis meses", resultó un reportaje falso, una verdad desproporcionada, tergiversada y sacada de su contexto. No es lícito, para desprestigiar a una persona, sacar en cinco minutos todos los horrores acaecidos en su período de ministro de Gobernación como si la gestión del ex ministro sólo hubiera consistido en eso. La televisión sirvió a los televidentes una gran mentira amasada con hechos reales, pero desfigurándolos y desproporcionándolos al sacarlos de su contexto. ¿Qué reportaje saldría si en cinco minutos colocáramos uno tras otro todos los actos terroristas, huelgas, manifestaciones y accidentes acaecidos en estos tres últimos años? Sería un espectáculo horrible, otra gran mentira, aunque los hechos fueran todos verdad.

La información no puede ser manejada hasta el punto de que se convierta en mentira. La política y los intereses de partido jamás pueden desfigurar la verdad. Todas las propagandas totalitarias utilizan la tergiversación de la verdad con el fin de mantenerse en el poder.

La información honesta es la que entrega al público o, más concretamente, a los distintos públicos, la mayor cantidad posible de verdad y en las formas más asimilables, sin recurrir a aficciones interesadas y manipuladas.

Destaquemos, pues, las cualidades que no sólo adornan la verdad informativa, sino que la hacen auténtica información:

—Cuando es una afirmación **controlada y verificada** por la crítica de las fuentes de la información. Se impone, pues, compararla con otras versiones diferentes. La prensa, la radio y la televisión, pero sobre todo las agencias de información no deben vacilar en realizar todos los esfuerzos posibles para las verificaciones necesarias a fin de conocer a fondo la verdad clara y desnuda.

—Cuando se suministra la información **exacta y precisa** y no se intenta con expresiones vagas e imprecisas, sino que intenta la mayor aproximación respondiendo a todas las preguntas del público.

—Cuando ofrece una información **completa**, el panorama total de la actualidad.

—Cuando la información es **actual y nueva**, y utiliza la rapidez para obtener el honor de ser auténtica primicia. Ya sabemos que una noticia deja de serlo cuando ya es conocida por el lector.

—En fin, cuando es una información **reflexionada, ordenada y asimilada**, referencias de tiempo y espacio, de explicaciones y de vivencias. Para que el lector pueda hacer su-

Hacer un periodismo ético no consiste en trazarse un camino fácil, sin meterse en compromisos; tampoco es tapar la diaria multitud de pequeñas iniquidades. Una moral periodística que tiene manos y pluma, pero que no se moja en tinta de imprenta, no es tal. A lo sumo se llama moral acomodaticia. Entonces, ¿cuáles son los grandes principios éticos y las cualidades básicas de la información.



Mariano José de Larra fue sin duda un gran periodista del siglo pasado, valiente, independiente y luchador por las libertades. Su emotividad e intransigencia le llevaron a su fracaso personal.

ya una noticia, antes el periodista la tiene que haber asimilado.

CUALIDADES BASICAS DEL PERIODISTA

No tiene escaso mérito el periodista cuando llega a gestar y ofrecer una información veraz, adornada con las cualidades personales y características de todo buen informador: curiosidad, sentido de la actualidad, intuición del acontecimiento y del público; virtudes todas ellas que hacen al periodista nato, junto con una gran claridad de espíritu, una gran cultura general, conocimientos especializados y el culto a la verdad, el honor profesional y el respeto al público, receptor final de su trabajo.

Entre todas estas virtudes del periodista, no podemos omitir la **sinceridad**. En primer lugar, porque la información se lo exige. Además, porque el lector no puede, desde fuera, contrastar fácilmente la verdad de lo que le dice.

A esta virtud de la sinceridad debe acompañar la de la **serenidad** o ecuanimidad. Un informador inteligente y apasionado puede prodigarnos errores con una sinceridad espantosa. Cuando un periodista se deja llevar apasionadamente de su subjetividad, perjudica gravemente en la comunicación de las verdades al público. Sepodría afirmar que es preferible un periodista insincero que dice la verdad que un periodista sincero que habla falsamente.

Hoy más que nunca el público lector, oyendo o televidente está demandando a los medios de comunicación **veracidad**: que no afirme nada falso y que no presente como cierto lo que es dudoso; como malo lo que es bueno o regular.

Esto es lo primero, pero inmediatamente después se les pide que sean **imparciales**, cualidad difícilísima. Escriban en uno u otro medio o periódico, pertenezcan a un medio estatal o independiente, lo principal es que los periodistas no sean partidistas y apasionados. Ya sabemos que cada medio de difusión tiene sus preferencias partidistas, aunque se llamen "independientes"; entonces, lo que quiere la gente es sencillamente que los informadores al menos tomen partido sin faltar ni a la verdad ni a la justicia.

EL FALSO ORGULLO DEL PERIODISTA

Con frecuencia los periódicos, radios y nuestra sin igual televisión (porque no hay otra) se creen infalibles, carecen de humildad, no rectifican si no se les "empapelan" y se les lleva a los tribunales. Nada hay más odioso y a veces ridículo que la abominable seguridad de los periódicos y de los periodistas que, para conservar la confianza de sus lectores o de sus oyentes, cuidan su reputación de infalibilidad.

Son muy pocas las rectificaciones que se leen en la prensa y se oyen o ven en radios y televisión. Sin embargo, las rectificaciones deberían estar a la orden del día. Muchos, cuando se equivocan, prefieren callar y dejar que la "bola" siga, que se olvide el "patinazo". Al fin y al cabo esta postura no es más que una cobardía, una solemne falta de humildad.

Los medios de comunicación y los periodistas no tienen el don de la infalibilidad, reservando sólo a Dios y a su representante en la Tierra en materias de fe.

El informador debe estar adornado de muchas virtudes, como hemos visto; pero no debe de creerse que también es o ha de ser infalible. En el folklore periodístico se narra una anécdota muy curiosa al respecto:

Un periódico norteamericano anunció la muerte de un personaje conocido. El difunto se presentó al día siguiente en las oficinas del periódico para certificar que estaba vivo y obtener una rectificación: "No, le respondió el director; mi periódico nunca se equivoca." "Pero usted comprueba "de visu" que estoy vivo". Puesto en apuros el magnate, reflexionó y concluyó: "Una rectificación es imposible, pero en atención a usted que es un viejo amigo haremos figurar su nombre mañana en la sección de nacimientos".

Rectificar es de sabios. Hay también buenos periodistas que piensan que "una información y un mentís son dos noticias". Y no tienen reparo en rectificar manteniendo así a su público bien informado. Así debe ser. Al menos por respeto al prójimo.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

